PETER PUNK

COMPAÑÍA

Peter Punk é o personaxe que encarna Isaac Rodríguez Miranda, un neno chegado do país de Nunca Máis que se resiste a medrar, un pallaso gamberro e irreverente que xa ten percorrido rúas, prazas e escenarios de toda a Península e máis alá, e espallado risos e tartazos mesmo en Idomeni.

OS ESPECTÁCULOS

Chungo ke te cagas

Que traerá este rebuldeiro pallaso? Malabares (até con lume!), participación do público miúdo e adulto, globoflexia, gargalladas, tartazos e un humor coma o do neno aquel que se atrevera a berrar "o Emperador vai espido!" cando toda a xente calaban.

A Chungatrona

Pedalando coma un tolo, comendo globos e xogando coma un neno, Peter Punk presenta un final sorprendente no que coñeceremos o seu último xoguete.

Peor imposible

Máis alá do "máis difícil aínda" do circo, o que trae Peter Punk neste espectáculo xa non é que sexa "chungo chungo chungo ke te cagas", é que é… Peor imposible! Circuíto da morte incluído!

Peter Punk e o Neno Imperdible

Nesta ocasión Peter Punk actúa cun músico en directo, Brais das Hortas, un tendedeiro en equilibrio, seis instrumentos ao vivo: guitarra eléctrica, guitarra portuguesa, acordeón, e até Peter Punk se atreve coa harmónica!